

ELAS LEMBRAN...

“NON MÁIS GUERRAS; NUNCA MÁIS.”

Unha entrevista con historia da man de Sabela Prada e Candela Fusaro a unha supervivente á posguerra española



Isabel Rodríguez Daga

Este é un traballo de aprendizaxe realizado e redactado por dúas alumnas de segundo de bacharelato artístico, Sabela Prada Rodríguez e Candela María Fusaro González, para o clube de letras do IES Martaguisela. Esperamos que vos guste:

A POSGUERRA: A VIDA DAS NOSAS MULLERES

INTRODUCCIÓN

A tarde do 15 de xaneiro de 2020 fomos a unha residencia de anciáns/ás a facer unha entrevista a unha muller de 84 anos. Esperabamos escoitar un montón de cousas sobre as súas experiencias, pero nunca imaxinamos encontrarnos con esta xoia vivente, unha muller cunha vida chea de sabedoría e vivencias que nos mostraron unha das cara escuras da historia do noso país en primeira persoa. Por ela e por moitas máis da súa xeración vai esta reportaxe...

ENTREVISTA

_ Pois comezamos a entrevista! Está vostede cómoda?

Si, reinas

_ Estupendo, aquí vai a primeira pregunta; poderíanos contar como viviu os anos da posguerra?

(Cambia radicalmente a cara por unha expresión moito máis seria e sentida) Pois mirade... eu vivía na Rúa, e nacín no 1934. Aquela época... é que iso foi... (breve pausa) horrible. Fixéronse moitas atrocidades alí. A vida era medo, tristeza, pobreza. Pasamos moita fame; de feito, recordo un día cando era pequena, que estaba na casa dunha veciña e me deu un anaco de pan. Nesto que o meu pai asubía chamando por min. Botei a correr e nunha casa de barro escondín o anaco de pan, nun oco si, para que o meu pai non me rifase. Aínda existía xente boa... Eu recordo a miña avoa pobriña, que lle mataron ao seu fillo e ao seu neto. Queimáronos vivos. A miña avoa chorou moitas lágrimas... Enterraron ao meu tío, ao meu curmán e a outros cinco máis, que morreron no palleiro, onde estaban refuxiados.

_ Alí?

Si, na Rúa, por alí... nun pobo chamado... Cereixido, si.

_ Entón ti e malia túa familia erades republicanos?

Non, eu non era nada. Tan só era unha nena. Só recordo que había dous bandos enfrontados e que os que fuxían de Franco marchaban cara as montañas. Unhas veces estaban alí e outras veces estaban aquí. Xa vos dixen que foi una etapa dura, fillas. O acto máis desgarrador que levei a cabo foi ter que queimar os corpos, recoller as cinzas da miña familia en urnas, e despois de moito loitar podela enterrar no camposanto, no lugar onde o meu pai quixo. O meu pai morreu cando eu só tiña cinco anos... Fixen todo iso por amor ao meu pai. Hoxe en día, poden dicir

A POSGUERRA: A VIDA DAS NOSAS MULLERES

orgullosa que alí están enterrados. Poucas familias tiveron esa sorte. Quedei soa coa miña nai, e ela tivo que traballar moito para poder manterme. Recordo estar na cama coa miña nai e dicir polo baixo “Pai, lévame contigo, lévame contigo, lévame contigo...”.

_ Que duro... Está claro que eras unha persoa moi valente.

Si pois ai deus... Cantas reclamacións tiven... o que me chamaron! A xente chamaba por teléfono dicíndome mil cousas, ata que un día cansei doída e dixen ¡non!, porque o meu pai sufrira moito. Mataron ao seu irmán e ao seu sobriño, sabes? Dicía a miña nai que tras todo ese calvario agochou a cabeza e non a volvera levantar. Pero cantas mulleres haberá que o pasaron peor ca min e a miña nai...

_ Cre vostede que homes/mulleres viviron de igual modo? Os homes tiñan máis privilexios?

Si, sempre tiveron moitos máis. Un home era un home, e unha muller sempre ía estar por debaixo del.

_ Xa... (sorrímos agridoce e descansamos un intre) Dentro da súa propia casa ou familia, xogaban o mesmo papel os homes e as mulleres?

Ambos traballaban, pero a distinción era a de sempre. Miña nai coidoume sempre o mellor que puido. O meu pai... eu sempre adorei ao meu pai. Era unha nena, marchou e o recordo que teño del é o do amor que pode sentir una nina polo seu pai. Sempre intentou que tivésamos a mellor vida dentro do posible. Fixera o que fixera ou tivese que facer. Faría calquera cousa por nós.

_ Entrando no tema da educación; xa para descansar un pouco da dor de corazón que lle vemos na cara, que recorda da escola?

Ben, eu estiven no colexio ata os catorce anos. Teño esa época algo borrosa.

_ Non se preocupe. Mesturábanse os nenos e as nenas? Estudaban o mesmo? Xogaban as mesmas cousas?

Si, estabamos todos xuntos e estudábamos todos o mesmo. Xogábamos a todos os xogos, pero moito máis ás carreiras e ás tesoiras. Haber había xoguetes, pero para aqueles que os podían mercar, e para os que non os podíamos mercar facíamos bonecas de trapo.

A POSGUERRA: A VIDA DAS NOSAS MULLERES

_ Logo da escola, que fixeches?

Pois traballar reina; non quedaba outra. Ou traballabas ou non comías, así era a vida no rural.

_ E dende un punto de vista relixioso, tamén existían diferenzas entre homes e mulleres?

Si, as mulleres eran máis devotas que os homes. Iamos á misa todos os domingos e alí, pola contra da escola, si que nos separaban en homes e mulleres.

_ Imaxinamos que no mundo laboral tampouco era igual ser home que muller...

Os homes tiñan outros traballos distintos as mulleres. As mulleres cosían, traballaban na terra, coidaban dos fillos ou familia... había moitas rapazas que, coma min, traballabamos en grupos en traballos de menor cargo, o que de toda a vida se di "traballo de mulleres". Os homes realizaban traballos como carpintería, algúns eran albaneis e moitos tiñan cargos importantes.

_ No traballo que exerceu vostede durante a súa vida laboral, segundo o que dixo, había mulleres; Cal era o seu papel e as súas condicións laborais?

Traballei nunha xastrería ata os 28 anos. Non era que fora moi duro, pero nin me pagaban nin me daban nada a cambio de moito proveito. Traballabamos como burros para todos eles.

_ Foi o único traballo que tivo?

Si, en España si. Tiven que marchar fóra, a Suíza. Casei, tiven un neno, deixámolo coa miña nai aquí e despois marchamos a traballar para alí sen idea nin estudos de nada..

_ Cantos anos estiveches entón en Suíza?

Vinte e dous anos.

_ Caramba! Que memoria! E de que traballou alí en Suíza?

A POSGUERRA: A VIDA DAS NOSAS MULLERES

Pois nunha residencia de anciáns, e alí si que me pagaban. Cando gañamos o suficiente diñeiro, regresamos para casa, a España. O meu marido era ebanista, e a el si lle pagaban en calquera parte.

_ O papel da muller a medida que vostede se foi facendo maior cre que cambiou dalgunha maneira?

Si cambiou si...

_ E cando viu vostede ese cambio?

Cando marchei para o estranxeiro. Cando emigrei, alí era estranxeira, pero cando regresei, tamén o era aquí, xa que traía outras costumes. En Suíza cobraba. As mulleres aquí non eran nada. Non podían ter nin cartilla nin nada, a muller só valía para a cama, iso dicían os homes.

_ A verdade é que houbo un cambio importante e bo para as xeracións futuras. Aínda queda moito camiño por percorrer pero ben, pasiño a pasiño! (Descansamos un minuto) Cambiando de tema, coñeceu algún caso de represión por cuestións ideolóxicas?

Si, claro. Pero como xa pasara o dos meus tíos eu desconectei da realidade. Paseino moi mal. (Emociónase)

_ Cometeuse algunha inxustiza por ser dun bando ou doutro?

Matábanos!! Un acto moi frecuente era que ían a buscarte a túa casa, sen piedade nin aviso previo, e tras entregarte xa ninguén sabía máis de ti nunca máis. Canto disto pasou!! As cunetas estaban cheas de mortos. Subíanos a unha ponte e alí os mataban e os tiraban.

_ E cres que a xente por razóns como esta mantiña en segredo a súa ideoloxía?

Si, moita xente dicía ser do bando franquista para non ser asasinados e para salvar a súa familia. Eu coñezo todo isto, de ir a buscar a xente e que aparecesen alí dous ou tres para levalo. Despois diso, ninguén os volvía ver, ninguén sabía que lles fixeron. Houbo moito moito disto.

_ E como evitastes problemas a túa nai máis ti?

Tiñamos que ser xordas, mudas e cegas. Como calquera muller, vamos.



A POSGUERRA: A VIDA DAS NOSAS MULLERES

_ Que lle chama a atención na actualidade con respecto ao papel que ten a muller en relación ao que tiña cando era nena ou moza?

Cambiou moito reina, como xa diciades antes. Cambiou moito moito... Hoxe en día a muller é considerada, apreciada, pero naquelas épocas non. Nos meus tempos era como un cero á esquerda. Alégrome moitísimo deste cambio, sobre todo por vós...

_ Pois xa rematamos as preguntas... gustaríalle engadir algo máis? Quere vostede mandar algunha mensaxe ás novas xeracións como a nosa? Agora é o momento...

Eu quero dicir que por favor, máis guerras non, e que non se volvan repetir. É o único que desexo. **NON MÁIS GUERRAS, NUNCA MÁIS!**

Graciñas Isabel.